



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE DECEMBRO DE 2010

#### **LICENZAS**

##### **FAVORABLES**

**LIC/728/2010.- ANA MARIA SANJUAS ARES.-** Modificación da cuberta da edificación sita na rúa dos Concheiros nº 29.

##### **DENEGADAS**

**LIC/2424/2010.- CARMEN SANTOS PARCERO.-** Legalización de galpón e peches de parcela executados na rúa Ponte do Romaño nº 9.

##### **SUBSANACION DE ERRO**

**LIC/341/2007.- LINO LÓPEZ SALVADO.-** Parcelación urbanística da parcela 415 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de Aríns.

##### **DEVOLUCIONS DE FIANZA.-**

**2456/10.- TOLROGA, S. L.-** ..... Expte. Lic/218/2006 ..... 10.000 €.

**2467/10.- JUAN CARLOS MARTINEZ BARREIRO.-** ..... Expte. Lic/602/2007 ..... 3.000 €.

**2468/10.- JUAN CARLOS MARTINEZ BARREIRO.-** ..... Expte. Lic/602/2007 ..... 1.500 €.

**2459/10.- SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA OS SALGUEIROS.-** ..... Expte. Lic/1588/2004 ..... 30.000 €.

#### **OCIHR**

##### **LICENZAS**

##### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

##### **LICENZAS.-**

**LIC/1785/2010.- D. SEVERINO OTERO OTERO.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación de edificio na rúa das Casas Reais nº 13 (LIC547/2007). O importe da fianza é de 2.000€.

**LIC/1834/2010.- SAN ISIDRO GALICIA S.L.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza para rehabilitación de edificio sito na rúa Xelmírez nº 11 e rúa da Conga nº 9 (LIC/840/2008). O importe da fianza é de 1.500€

**LIC/1835/2010.- SAN ISIDRO GALICIA S.L.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza para a desmontaxe, desescombros parcial e consolidación do edificio na rúa da Conga nº 9 (LIC/2144/2007). O importe da fianza é de 1.000€.

**LIC/2142/2010.- DORINDA NOYA VILAR.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de rehabilitación da cuberta na rúa de San Lourenzo nº 67 (LIC/1093/2009). O importe da fianza é de 1.000€.

**LIC/1821/2010.- DORINDA NOYA VILAR.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de reparación e mantemento e accesibilidade a un edificio de vivenda na rúa Montero Ríos, 46-50 (LIC826/2007). O importe da fianza é de 2.500€.

**LIC/2289/2010.- A ESTRADA CONSTRUBEN S.L.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de adecuación de edificio para pensión na rúa Acibecheira nº 2 (LIC/2385/2009 e LAP/336/2009). O importe da fianza é de 1.200€.

**LIC/2486/2010.- A ESTRADA CONSTRUBEN S.L.-** Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de legalización da estrutura horizontal e reposición d acuberta no inmovible sito rúa Acibecheira nº 2 (LIC/855/2009). O importe da fianza é de 2.500€.

##### **PROPOSTA DE INCLUSIÓN NO REGISTRO DE SOARES**

**PRIMEIRO:-** Dictar a orde de inclusión no rexistro municipal de soares e edificacións que cómpre rehabilitar no Concello de Santiago de Compostela, dos seguintes inmovibles:

- rúa da Angustia, 6 (DIS/354/2010)

- rúa do Pombal, 10 (DIS/702/2008)
- travesa de San Pedro, 6 (DIS/352/2010)
- calzada do Carme de Abaixo, 13 (DIS/549/2010)

SEGUNDO: Notificar a orde de inclusión aos propietarios dos inmobles mencionados.

TERCEIRO: Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios deste Concello.

CUARTO: Dar comunicación do acordado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (IGVS) da C. A. De Galicia.

QUINTO: Unha vez sexa firma en vía administrativa remitir ó Rexistro da Propiedade certificación que conteña a transcripción literal da resolución administrativa que ordena a inclusión no rexistro municipal de soares.

**5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas por importe de 5.097 euros.

**6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico, elementos especiais de madeira, honorarios facultativos pola redacción de informes, execución de obra, e solicitude do pagamento á Comisión Executiva do Consorcio.**

Apróbanse definitivamente dúas axudas por importe de 13.212,80 euros; o pagamento dunha axuda para elementos especiais de madeira por importe de 4.923,40 euros; honorarios por importe de 2.843,23 euros; e catro axudas para a execución de obras por importe de 19.661,61 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa a declarar sen efecto a cesión gratuíta a favor da Comunidade Autónoma de Galicia da parcela AS-19 do Polígono 6-7 de Fontiñas destinada a Centro Integral de Día para Menores.**

Déixase se efecto a cesión, xa que non se acreditou pola Xunta a aceptación da mesma.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta á Xunta de Goberno Local do pago de resto de prezo xusto e xuros da Parcela 349 do Proxecto de Expropiación para conexións exteriores do equipamento administrativo en San Lázaro.**

Acórdase o pago das cantidades debidas (19.821,75 euros), así como a solicitude do reintegro dos xuros adiantados (2.856,33 euros).

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á remisión ao Xurado e consignación ate conformidade da parcela 5B, no Proxecto de Expropiación para a execución da ZL-85 e DM-6 en Triacastela.**

Acórdase o pago das cantidades debidas (10.858,21 euros).

**10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á consignación do prezo xusto e xuros ata conformidade, parcelas 4A e 4B e remisión ao xurado. Proxecto de Expropiación para a obtención de terreos para a execución da DM-6 e ZL-85 en Triacastela.**

Acórdase o pago das cantidades debidas (121.401,41 euros)

**11.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das Bases específicas para a provisión por libre designación do posto de traballo de xefatura de negociado de Órganos de goberno.**

Apróbanse as devanditas bases.

**12.- Terceira convocatoria de prazas para a INICIATIVA URBANA SANTIAGO NORTE.**

Preséntase as correspondentes base para a convocatoria de 19 prazas, sendo 17 de oficiais de 3ª e 2 responsables de equipo: un de albanilería e outro de xardinería.

**13 a 47.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana: IIVTNU (Plusvalía).**

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

**48.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a xestión da escola infantil de TRAS PARLAMENTO.**

Dáse conta do devandito convenio.

**50.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación relativa á aprobación de prórrogas dos servizos dos funcionarios interinos da oficina de Rehabilitación.**

Acórdase a prórroga de catro contratos.

**51.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da prórroga do servizo de funcionaria interina do pavillón do Restollal.**

Porrógase o contrato por un período non inferior a dous meses.

**52.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación de prórroga dos servizos dos funcionarios interinos para a realización de actividades de xestión formativa e dos proxectos Persoa e Plan de Acción Local polo Emprego, integradas no Pacto Local polo Emprego.**

Acórdase a prórroga de dous contratos por un período de 5 meses e 15 días.

**53.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación da prórroga do servizo da funcionaria interina da Casa das Asociacións.**

Acórdase a prórroga por un período de 3 meses.

**54.- Aprobación da xustificación de convenios.**

Apróbase a xustificación dos convenios subscritos coa Asociación Internacional do Teléfono da Esperanza ASITES (2.200 euros) e o Bacharelato Internacional 2010 (9.129 euros).

**55.- Aprobación da xustificación de convocatorias de subvencións.**

Apróbanse a xustificación relativa ás subvencións concedidas por parte da Deputación para a erradicación do chavolismo (45.985,88 euros); a xustificación dos convenios asinados co Mercado de Abastos por importe de 10.500 euros, coa asociación cultural Cidade Vella por importe de 12.000 euros, coa fundación Gonzalo Torrente Ballester por importe de 21.000 euros,

**56.- Propostas da concelleira delegada de Centros Socioculturais dando conta da aprobación do aboamento do primeiro prazo da subvención concedida para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche durante o ano 2010.**

Dáse conta do aboamento do primeiro pago da subvención por parte da Deputación para o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche por importe de 126.000 euros.

**57.- Propostas da concelleira delegada de Centros Socioculturais dando conta da aprobación da documentación presentada para o cobro da subvención nominativa concedida para financiar o sostemento dos centros socioculturais municipais durante o ano 2009.**

Dáse conta da aprobación por parte da Deputación da documentación presentada para o cobro da subvención por importe de 248.838,46 euros.

**58.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre o Concello, o Ministerio de Vivenda e a Consellería de Economía e Facenda para a remodelación da Praza de Abastos de Santiago de Compostela.**

Apróbase a addenda referida á variación do tipo de IVA, cun incremento do 2%, así como a reestruturación ministerial.

**59.- Convalidacións de liquidacións de obras.**

Procédese á aprobación das certificacións de liquidación das obras de 6 obras.

**60.- Convalidacións de modificados de obras.**

Convalídanse os modificados realizados nas obras de rúa Galeras-Salvadas-Vista Alegre, na rúa Raxoi, na rúa Espírito Santo e na Calzada de Santo Antonio.

**61.- Convalidación de diversas autorizacións e disposicións dos gastos, así como proceder ao recoñecemento das diversas obrigas.**

Convalídase a disposición de gastos por importe de 152.249,28 euros.

## **URXENCIAS**

**1.- Cesión do contrato da xestión da concesión do recinto feiral de Amio.**

Autorízase a cesión da concesión da explotación do devandito recinto, da que é titular a empresa Trap, S.A., a favor da empresa Monfobus, S.L., que deberá formalizarse en escritura pública entre o adxudicatario e o cesionario.

**2.- Proposta da concelleira de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á estimación parcial de recurso de reposición interposto pola adxudicataria das obras de Reurbanización da rúa Campo das Hortas.**

Estímase parcialmente o devandito recurso interposto pola empresa EXTRACO, S.A., adxudicataria das obras. Deste xeito, considérase probado que a empresa incumpriu o prazo de execución pactado por causa que lle son imputables, o cal supuxo unha demora de 26 días naturais no remate das obras, polo que se impón unha penalización final de 2.430,93 euros, a razón de 0,55 euros/día/1.000 euros do prezo do contrato.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto modificado de substitución nos materiais e tecnoloxías na rede da auga e renovación das instalacións de alumeado público co obxecto de reducir o consumo enerxético, na rúa Torreira do Romáño, incluída no FES 2010, así como a ampliación do prazo de execución dos traballos.**

Apróbese o proxecto modificado de referencia, do que resulta, unha vez aplicada a baixa, un orzamento de adxudicación de 255.403,56 euros sen IVE, o que supón un incremento de 42.567,26 euros. Adxudícase á empresa adxudicataria da obra principal e apróbese a ampliación do prazo de execución dos traballos ata o 19 de febreiro de 2011.

**4.- Prórroga execución contrato reurbanización da rúa San Clemente (2º tramo da rúa Raxoi) e autorización acopios.**

Autorízase a prórroga solicitada ata o 30 de xaneiro de 2011, así coma o abono a conta do 75% do importe dos acopios de materiais solicitado pola empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, S.A., para a execución das devanditas obras, abono que ascende á cantidade de 107.896,97 euros máis IVE.

**5.- Proxecto de execución das obras de reforma do aparcadoiro e os seus accesos no Auditorio de Galicia.**

Acórdase a convalidación do prazo do contrato das referidas obras ata o 18 de decembro de 2011, subsanando un defecto na tramitación administrativa. Ademais, tendo en conta que a empresa incumpriu o prazo de execución por causas que lle son imputables, supoñendo unha demora de 112 días naturais, imponse unha penalización a razón de 0,80 euros pro cada 1.000 euros do prezo do contrato e por cada día de retraso, acadando un importe total de 19.464,70 euros máis IVE.

**6.- Obras de reurbanización do espazo público da calzada de San Pedro.**

Convalídase a ampliación do prazo do devandito contrato ata o 30 de agosto de 2010, subsanando os defectos administrativos.